

Extracto da convocatoria de subvencións por concorrencia competitiva para o transporte escolar para o curso 2019-2020 (Exp. 105/2020) (Galego)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

Primeiro. Persoas beneficiarias

Serán persoas beneficiarias os/as estudantes que reúnan os seguintes requisitos:

- Residir e estar empadroadado/a no Concello de Toén (comprobarase de oficio polo órgano instrutor do procedemento)
- Non ter cumpridos os 26 anos no ano 2019
- Estar matriculado/a no curso académico 2019-2020, cun mínimo do 50% das materias correspondentes, nos seguintes estudos en centros da cidade de Ourense ou da provincia:
 - a) Bacharelato
 - b) Ciclos formativos de grao medio e superior
 - c) Estudos de grao que se impartan no Campus da Universidade de Vigo en Ourense

Segundo. Obxecto

O obxecto das presentes bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte do Concello de Toén, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o transporte escolar para o curso 2019-2020.

Terceiro. Bases reguladoras

Publicadas integramente na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e en Base de Datos Nacional de Subvencións.

Cuarta. Contía

A axuda concederáselle a todas as persoas solicitantes que cumpran os requisitos mencionados na presente convocatoria, procedéndose á distribución de xeito proporcional do crédito orzamentario dispoñible en función da parroquia de orixe dende a que se despracen ata o centro de estudos, de acordo coa seguinte táboa onde se indica o custo de ida e volta do transporte regular dende os núcleos do Concello de Toén ata Ourense:

A) ANO 2019

NÚCLEO	IMPORTE €
As Airas	2,90
Moreiras	2,90
Mugares	2,90
Fondón	3,10
Toén	3,30
O Moreiro	2,90
Fontelarelle	3,80
Trellerma	3,30
Alongos	2,80
Larelle	4,00
Xestosa	4,50





CONCELLO DE TOÉN

Trelle	4,00
Puga	2,80
Feá	2,80
As Moas	3,20

B) ANO 2020

NÚCLEO	IMPORTE €
Todos	3,00

Segundo a Orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de data 20/06/2019 (DOG nº 122, do 28/06/2019), estímase que o número de días lectivos do curso 2019-2020 é de 172.

Quinta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Ourense.

O alcalde

(Documento asinado electronicamente na marxe)

